

DPTO DE FRANCÉS

IES Nº 1 RIBEIRA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º ESO

Comprende preguntas básicas relacionadas co nome, idade, dirección, números, datas, horas, gustos, familia e actividades cotiás

Comprende o sentido global de mensaxes orais ou escritos, conversas, ou textos sinxelos relacionados co seu día a día.

Identifica sons e grafías de fonemas básicos.

Produce con intelixibilidade conversas relacionadas cas materias, horarios, material escolar, meses, días, cores, familia, números

Escribe mensaxes, enche un cuestionario, unha ficha en formato dixital ou papel cunha presentación limpa e ordenada.

Diferenza tu/vous, salut/ bonjour, s'il te plaît/ s'il vous plaît.

Preséntase e da e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi básicos.

É capaz de pedir ou dar información sobre datos persoais utilizando adecuadamente o léxico necesario e as estruturas sintáctico-discursivas seguintes: Expresión de relacións lóxicas: et, mais, parce que. Negación (ne/n'...pas). Interrogación :qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est?, comment, pourquoi, où, quel. Artigos définis, indéfinis, pronomes persoais, pronomes tónicos; a posesión Números cardinais ; primeiros números ordinais; expresión da hora ,dos momentos do día , das actividades diarias.

2º ESO-

Comprende preguntas básicas e información esencial, sinxelas e habituais, sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.

Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que ten moita familiaridade, e segue instrucións e consignas na aula.

Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico común.

Comprende avisos, obrigas, prohibicións básicas e completa cuestionarios sinxelos básicos.

Escribe notas, felicitacións, mensaxes breves e moi sinxelos.

Presentase – Identifica persoas - Dice o enderezo e o teléfono - Presenta a alguén. - Fala dos seus intereses e preferencias. - Describe o carácter dunha persoa. - Describe a casa. - Pide e da ou non permiso.

É capaz de cambiar o xénero e o número dos adxectivos. Emprega a negación: ne...pas. Os números ordinais. Os comparativos: moins, plus, aussi...que. As preposicións e os adverbios de lugar. Emprega estruturas como pouvoir+infinitivo. As expresións de tempo. As expresións de causa, consecuencia e oposición: parce que, alors e mais. Utiliza o presene de indicativo dos verbos en –er. Os verbos irregulares: connaître e savoir. Os verbos en –ir: finir e choisir. O imperativo afirmativo e negativo.

3º ESO

Comprende preguntas básicas relacionadas co instituto, horarios.

Comprende o sentido global de mensaxes orais ou escritos, conversas, ou textos sinxelos relacionados co seu día a día.

Identifica sons e graffías de fonemas básicos.

Produce con intelixibilidade conversas relacionadas cos seus gustos, personalidade, sentimentos, emocións. Describe aspecto, personalidade, vestimenta, accesorios, de forma escrita.

Preséntase, emprega os presentativos, fai preguntas, nega, fai frases complexas utilizando relativos, narra acontecementos en presente e pasado.

Emprega relacións lóxicas: et / ou/ mais/ parece que...Relacións temporais: de... à, dans, il y a, en.../.Locutions adverbiales :Tout fait ! Bien sûr !

Expresión da existencia (presentativos) .Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).

4º ESO

Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás (viaxes, lecer, aloxamentos, transporte, compras, ..).

Comprende nunha conversa informal na que participa, as descrições, narracións e opinións sinxelas e as ideas principais de programas de televisión e de presentación sinxelas.

Recoñece o sons vocálicos e consonánticos do francés. Imita ritmo e entoación.

Realiza presentacións breves e ensaiadas seguindo un guión escrito.

Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves en calquera soporte

Fai proxectos de futuro. - Conta en pasado. - Fala de se mesmos e describe persoas. – Da opinións, expresa estados físicos e de ánimo. - Presenta os valores do deporte; explica cómo estar en forma. – Opina sobre o medio ambiente. - Expressa sentimentos. – Describe compañeiros. - Fala das viaxes.

Emprega os pronomes relativos. - Os posesivos: adxectivos e pronomes. Os pronomes demostrativos – Conta feitos pasados empregando o passé composé e o imperfecto. Adxectivos e pronomes indefinidos. - Adxectivos para describir a personalidade: cualidades e defectos. - A frase exclamativa: quel(s), quelle(s). - A cidade, as diversas tendas, as cores. - A duración: depuis, depuis que, il y a, cela fait.... O discurso indirecto en presente. - Conxugación: futuro simple, passé composé, imperativo afirmativo e negativo.

Coñece e amosa interese pola cultura francesa. Literatura, gastronomía, .

1º BAC- 1ª L.E.

O alumnado ten que ser capaz de falar e entender a un interlocutor ou interlocutores cando os temas que se tratan estean relacionados coa familia, amigos, vida social, lecer, mundo laboral, estudos, climatoloxía, deportes, vila, aloxamento, vivenda, vacacións pasadas ou futuras, medios de transporte, saúde. Debe ser capaz de expresar sentimentos, estados de ánimo, desexos, frustracións...e entender como se senten os demais xa sexa en conversas reais ou a través de calquera outro medio coma radio, televisión...

Debe ser capaz de responder a unha entrevista, ou a unha enquisa

O alumnado ten que ser capaz de entender e escribir e-mail, expoñer opinións sobre os temas traballados (familia, amigos, vida social, lecer, estudos, mundo laboral, climatoloxía, deportes, vila, aloxamento, vivenda, vacacións pasadas ou futuras, medios de transporte, saúde..) Ten que ser capaz de tomar notas, apuntamentos, argumentar, facer itinerarios, escribir un C.V., unha carta de presentación. Confeccionar unha guía turística, facer publicidade dun produto, cidade.

1º BACHARELATO 2ª L. E.

- Comprende textos orais (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Esfórzase en afianzar a pronunciación dos sons franceses: entoación, ritmo e acentuación
- Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.
- Na produción oral, adecúa o texto ao destinatario, ao contexto e á canle e concibe a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.
- Expresa mensaxes con claridade e coherencia básica, estruturándoas adecuadamente e axustándose ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.
- Recoñece a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).
- Na produción escrita, acode aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións traballadas na aula).
- Expresa da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto e atende ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- Elabora proxectos expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.
- Inicia e mantén relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Describe calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narra acontecementos e describe estados e situacións presentes, e expresa proxectos futuros – Pide e ofrece información e indicacións, e expresa de forma moi sinxela opinións e advertencias.

Emprega as relacións temporais (depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que), a exclamación (Que, Hélas!) Negación (personne ne..., rien ne..., ne...aucun, ne...que, ne... pas encore); a interrogación (lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel), a expresión do tempo: presente; pasado; futuro. Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination). Expresión do tempo: puntual (dans no jours); divisións (dans les années, quinzaine); indicacións de tempo (au début, à la fin, en début de semaine); Expresión do modo (de cette manière, de cette façon là).

Utiliza o léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados: vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais, tecnoloxía: aparellos de uso cotián.

Recoñece e usa as convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).

2º BAC 1ª L.E. /2ª L. E.

Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal. Identifica as ideas principais de conversas e debates relativamente extensos e animados, e algúns matices coma a ironía e o humor.

Da a súa opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas de actualidade. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos, anuncios, instrucións, comunicacións de diferente índole...; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter argumentativo.

Escribe correspondencia persoal na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas.

Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.

Utilización de léxico e estruturas axeitadas ao momento e situación.

2- NOVOS CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN FINAL NA ESO E NO BACHARELATO

Alumnado coa 2ª avaliación aprobada:

- Seguimos coas tarefas de repaso e reforzo a través de e-dixgal e/ou correo electrónico .
- O alumnado poderá aumentar a nota da 2ª avaliación ata un máximo de 2 puntos e para iso deberá entregar no prazo indicado as tarefas que se propoñan, ben feitas e ben presentadas, preguntando en caso de dúbida.

Alumnado coa 2ª avaliación suspensa:

- Proporanse tarefas de repaso, reforzo e recuperación e /ou probas telemáticas que se entregarán a profesora correspondente nun prazo prefixado.
- Si fose posible e necesario, segundo criterio do profesorado, realizaranse probas presenciais.

Alumnado coa materia pendente:

- O alumnado que está matriculado actualmente nun curso de francés e teña a 1ª e a 2ª avaliación aprobadas, quedalle a materia pendente recuperada.
- O alumnado que non está matriculado en francés actualmente ou que suspendera a 1ª e a 2ª avaliación, terá que realizar as tarefas de recuperación que se propoñan nos prazos indicados e envialas por correo electrónico a Xefa de departamento.
- No caso de ter suspensa a 1ª avaliación do curso actual e ter aprobada a 2ª avaliación, o alumno/a aproba por considerarse avaliación continua e terá recuperada a materia pendente.
- O alumnado que aprobou en febreiro conserva a nota dese exame.

Cálculo da nota final:

- 2º de Bacharelato: partimos da nota da 2ª avaliación, cando estea aprobada, e sumáraselle ata un máximo de 2 puntos tendo en canto os exercicios de reforzo e ampliación. En ningún caso se cualificará negativamente, pero para que as tarefas sumen positivamente deberán axeitarse ao nivel requirido.

- Na ESO e en 1º de Bacharelato: Partimos da nota da 2ª avaliación aprobada, e poderase sumar ata un máximo de 2 puntos . En ningún caso se cualificará negativamente, pero para que as tarefas sumen positivamente deberán axeitarse ao nivel requirido.

Si fose posible e necesario, a xuízo do profesorado, realizaríanse probas presenciais e/ou telemáticas.

3- METODOLOXÍA

Realizaranse actividades de repaso , reforzo e/ou recuperación da materia. Poderanse realizar traballos, probas presenciais (se fose preciso,segundo criterio do profesorado) e telemáticas.

4- Información e publicidade.

Páxina web de centro.

A través dos titores de grupo.

A través do correo electrónico do alumnado.

Ribeira , 11 de maio de 2020

X.Dpto: Mª Luz Sánchez

Rosaura Rodríguez